

Queridos irmáns,

En unión coa Igrexa universal, como porción do Pobo de Deus nestas terras da Diocese de Lugo, viñemos en peregrinación ata a nosa Catedral, para inaugurar tamén nós aquí o Ano Santo 2025 do nacemento do Salvador.

Deus vén ao mundo e nace en Belén para establecer a Alianza nova e definitiva co seu Pobo, cun Amor que non se deixa deter pola nosa infidelidade e unha misericordia de riqueza incomparable cos nosos pecados.

A convocatoria do Ano Xubilar Romano polo Papa Francisco é unha invitación para todos a levantar a mirada con alegría cara a esta gran obra de salvación iniciada en Nadal hai 2025 anos; e a lembrar que segue presente na historia, iluminando e orientando os nosos camiños na vida, conducíndoos ao seu verdadeiro destino, á realización plena da nosa esperanza, no Reino dos ceos.

Estamos convocados ante todo a gardar memoria viva do misterio de amor e de reconciliación do que nacemos: da Encarnación de Xesús, o Fillo de Deus, da súa entrega na Cruz para o perdón dos pecados, da participación que nos dá no tesouro inmenso do seu Corazón aberto, dos seus méritos máis persoais, da unidade que vive plenamente co Pai.

O misterio da nosa comunión en Cristo inicia xa co seu nacemento, que celebramos especialmente este ano Santo, no que ten lugar un admirable intercambio. O Fillo de Deus, Xesús, nacido de María Virxe, por amor aos homes asume a nosa condición, as nosas débedas, únese definitivamente a nós; de modo que nel a nosa humanidade vivirá plenamente unida ao Pai, será capaz de todos os sacrificios por El –para que se cumpra a súa vontade– e polos seus irmáns, e encherase para sempre de vida e de gloria na resurrección.

Así, en Xesús o Pai ofrécenos todos os tesouros da reconciliación e da sabedoría; inaugura o tempo da graza e a verdade: se entregou ao seu Fillo por nós, como non nos dará todo con El? Ao acoller o don da súa misericordia e da súa amizade, a nosa existencia atópase sostida por unha esperanza inquebrantable: camiñamos xa cunha meta, estamos chamados a dar froito abundante segundo a misión encomendada a cada un; non estamos deixados ás nosas soas forzas, non desfalecemos, porque o Señor está connosco todos os días, ata o fin do mundo, e fainos membros do seu Corpo, desa gran compañía dos seus irmáns que é a Igrexa.

Esta é a nosa confianza, a que fundamenta a nosa esperanza e orienta a nosa vida: o Amor do Señor Xesús non pasa nunca e non defrauda; nós pertencemos á gran comunión dos seus irmáns, nunha unidade profunda e irrevogable con El, selada no bautismo e renovada perennemente na comunión do seu Corpo e do seu Sangue, no sacramento da confesión.

Neste ano Xubilar 2025 a Igrexa lémbra-nos o Amor do Señor, e exhórtanos, en particular, a crer no perdón e a reconciliación, na vitoria sobre o mal, a deixar atrás o pecado, presente tamén na nosa vida. Pois o pecado que teñamos non nos define; senón que, en realidade, é-nos alleo, non nos conduce á nosa verdadeira meta, nin dá sentido e fecundidade á vez que Deus ponnos ao dispor. As riquezas de graza deste ano, que permiten gañar a indulxencia plenaria, e mesmo por un defunto, lémbra-nos o noso horizonte verdadeiro: a plenitude das nosas persoas, libres do mal, unidas ao Señor, participando do seu Amor e da súa gloria.

Neste ano Xubilar, nesta Catedral e nos diferentes santuarios en que podemos gañar a súa indulxencia na nosa Diocese, estaremos unidos a todos os nosos que peregrinaron de xeración en xeración na esperanza da fe, que confiaron a súa vida ao noso Señor, para darlle forma boa neste mundo e alcanzar un destino feliz.

A obra da salvación iniciada co nacemento do Señor Xesús atravesamos os séculos, ata hoxe mesmo. Non podemos esquecer que o misterio do seu Amor divino, da comunión da Igrexa, que une ceos e terra, pobos e xentes, está presente entre nós. Deu forma e fecundidade ás nosas casas e parroquias desde tempo inmemorial, iluminou con esperanza viva gozos e tristezas, alegrías e dificultades, axudándonos a non ser derrotados polo mal e o pecado, e nin sequera pola morte.

Pidamos esta inmensa esperanza de ben para nós e para a nosa terra. Necesítamola cada un, necesítana os nosos seres queridos, as nosas familias e parroquias. Pero necesítana o noso mundo, onde abunda o pecado e a mentira; e onde todos anhelamos signos de esperanza, palabras dignas de confianza, alento de vida, luz verdadeira para o camiño.

O Ano Xubilar convócanos a vivir como membros do Pobo de Deus, recoñecendo con fe o Amor que nos manifesta o Señor Xesús. E a ser xuntos “peregrinos de esperanza”, que falan criblemente de perdón e de reconciliación no medio do mundo, da vontade de orientar a propia vida polos camiños da xustiza e da paz, de mirar ao próximo e á propia existencia certos da súa dignidade e destino, como amados de Deus.

Encomendemos este ano Xubilar á Santísima Virxe María, Nai de Deus, cuxa certeza ante a presenza do seu Fillo, Deus-con-nós, non puido ser quebrantada nin sequera ante a cruz. Ela levou a cabo a súa peregrinación na fe cunha esperanza sen límites, que mereceu encherse de luz para sempre contemplando ao seu Fillo resucitado ao terceiro día.

Como a nosa Nai, poderá guiar o noso corazón para que nos acheguemos con humildade e esperanza grande á fonte do perdón e da indulxencia. E será o noso amparo, para que fagamos o camiño da vida certos do Amor de Deus, como un Pobo que segue anunciando a boa noticia da xustiza, a verdade e a paz, o “Ano de graza” do Señor.

+Alfonso,
Bispo de Lugo